

NOTA DE PRENSA

-XII Xornadas de Arquitectura Bioclimática-

As empresas, protagonistas da sesión de hoxe, avogan por novos sistemas de ventilación que dean solucións ao Código Técnico da Edificación

Siber Ventilación e Cortizo realizaron casos prácticos para mostrar como os mecanismos favorecen ao aforro enerxético

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- A segunda fin de semana da duodécima edición das **Xornadas de Arquitectura Bioclimática**, organizadas pola **Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)**, cedeulle o turno hoxe ás empresas colaboradoras, que presentaron os últimos avances obtidos para mellorar a eficiencia arquitectónica. Os encargados de dar a conferencia foron **Santiago P. Sola**, xefe de produto de **Siber Ventilación**, e **Domingos Brión** e **Daniel Lainz**, respectivos director do departamento de Arquitectura e Enxeñería e director de Márketing de **Cortizo**.

As intervencións centráronse na presentación de mecanismos para dar solucións ás esixencias no referido á ventilación do novo Código Técnico da Edificación, coñecido como CTE HS3. Desta forma, segundo explicou Santiago Sola, Siber Ventilación posúe novos sistemas de ventilación que “aseguran a calidade do aire interior”. Así, durante a súa intervención, mostrou aos asistentes novos sistemas “máis eficientes, tecnolóxicos e enerxéticos, pero tamén outros económicos e máis básicos”.

Sola afirmou que, aínda que o novo código técnico entrou en vigor en marzo de 2007, “cada vez hai que implantar máis estes novos sistemas de ventilación”. No caso da súa empresa, Siber Ventilación, os estudos céntranse na ventilación mecánica controlada, “que pode ser tanto autorregulable, cunha maior implantación; hidrorregulable, que atenden mellor ás necesidades dunha vivenda; e de dobre fluxo, caracterizada pola recuperación de calor”, sinala Sola. A exposición, que estivo acompañada de fotografías e explicacións prácticas, buscou **“comunicar aos arquitectos e aos construtores as novas solucións de ventilación, que se basean na eficiencia enerxética e ademais dan resposta ao novo código técnico”**, tal como dixo o xefe de produto de Siber.

Por outra banda, o turno de Cortizo, de mans de Domingos Brión e Daniel Lainz, orientouse cara a presentación do sistema de microventilación como “instrumento que dá solución aos documentos básicos de salubridade do novo código”, asegurou Lainz. O obxectivo foi presentar un novo sistema que se caracteriza por unha **“menor afectación estética, acústica, enerxética e económica”** que a que producen os aireadores.

Ademais, os responsables de Cortizo tamén mostraron as prestacións de transmitancia térmica, permeabilidade ao aire, control das condensacións e protección solar. Estes últimos sistemas solares, que segundo Lainz “favorecen enormemente ao aforro enerxético”, atópanse expostos e pódense probar na sede do Colexio de Arquitectos de Galicia (Casa da Conga, 3. Praza da Quintana).

As xornadas de arquitectura bioclimática continuarán mañá a partir das 10.00 e ata as 14.00 horas coa intervención da arquitecta **María López de Asiaín Alberich**, que ofrecerá un relatorio sobre a enerxía solar e os seus posibles usos.

SAÚDOS

Prensa COAG-Santiago

981 55 44 07

www.arquitectosdesantiago.es

www.vialactea.es